

ACTA DA SESIÓN PLENARIA ORDINARIA
CELEBRADA O DÍA 30/05/2024(<http://sede.vilagarcia.gal>)

Sras. / Sres. Asistentes:

ALCALDE-PRESIDENTE

D. ALBERTO VARELA PAZ

CONCELLEIROS/AS

DONA TANIA GARCÍA SANMARTÍN

D. LINO MOURIÑO SANTIAGO

DONA PAOLA MARIA MOCHALES

D. CARLOS COIRA LOJO

DONA SONIA OUTON CASAL

D. DIEGO GARCIA SANTIAGO

DONA LUZ MARIA ABALO PÉREZ

D. ALVARO CAROU GARCÍA

DONA ANA MARIA GRANJA GUILLÁN

D. JUAN ANDRES BAYON ROLO

DONA MARIA ELENA SUAREZ SARMIENTO

D. JESUS REY RODRIGUEZ

D. ROBERTO DOMINGUEZ BUSTELO

DONA MARTA MARÍA FERRADANS PADIN

D. DAVID HIGINIO OLIVEIRA BARREIRO

D. JULIO VARELA CARDALDA

D. FRANCISCO XABIER RODRIGUEZ PAZ

DONA ROSA MARIA ABUIN RODRIGUEZ

D. JUAN MANUEL FAJARDO RECOUSO

Lista de non asistentes

D. RAUL SANTAMARÍA GONZÁLEZ

SECRETARIA

MARIA ROSA LOSADA SUAREZ

INTERVENTOR

MANUEL FRANCO LEIS

Na Casa do Concello de Vilagarcía de Arousa, sendo as 17:00 do día 30/05/2024, e coa asistencia da Secretaria, reuníronse, en primeira convocatoria, os/as señores/as Concelleiros/as, que á marxe se relacionan como asistentes, co obxecto de celebrar Sesión Plenaria Ordinaria convocada ó efecto.

A continuación procédese a trata-los asuntos que figuran na Orde do Día:

1. Aprobación, se procede, das actas das sesións anteriores, ordinaria de 25 de abril e extraordinaria de 13 de maio de 2024.

2. Toma de coñecemento dos Decretos da Alcaldía emitidos no mes abril de 2024.

3. Aprobación definitiva, se procede, do Regulamento de Réxime Interior da Escola Infantil Municipal.

4. Aprobación, se procede, expediente de contratación, mediante procedemento aberto suxeito a regulación armonizada, tramitación ordinaria, e licitación electrónica, para adxudicar o contrato de servizos denominado “Servizo de Axuda no Fogar (SAF) do Concello de Vilagarcía de Arousa.

5. Toma de coñecemento da solicitude de participación cidadá presentada por parte de asociacións ou entidades en relación con un punto da orde do día que lle afecte directamente e posterior intervención a través dun único representante das mesmas.

6. Aprobación, se procede, da moción presentada polo grupo político municipal do BNG, para a extensión do uso do galego nos plenos municipais.

7. Aprobación, se procede, da moción presentada polo grupo político municipal do BNG, de rexeitamento á renovación da concesión de nave sobre o Río do Con, por parte da Autoridade Portuaria de Vilagarcía

8. Aprobación, se procede, da moción presentada polo grupo político municipal de EU, sobre a xestión directa do SAF (Servizo de axuda no fogar).

9. Aprobación, se procede, da moción presentada polo grupo político municipal do PP para a reparación integral das instalacións de atletismo de Fontecarmoa.

10. Aprobación, se procede, da moción presentada polo grupo político municipal do PSG-PSOE relativa á Solidariedade co Pobo Palestino.

11. Interpelacións ou control das decisións do grupo de goberno.

12. Mocións presentadas polos grupos políticos municipais por razóns de urxencia.

13. Resposta dos/as concelleiros/as delegados/as ás preguntas formuladas no Pleno anterior.

14. Rogos e preguntas formuladas polos membros da Corporación Municipal.

15. Quenda de rogos e preguntas entre as persoas que asisten como público á sesión.

A sesión é gravada, imaxe e son, polos funcionarios municipais D. Juan Luis Núñez Tourís e Dona Elsa Pérez Fernández utilizando o sistema de videoactas ao que se poderá acceder a través da <http://sede.vilagarcia.gal>

1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DAS ACTAS DA SESIÓNS ANTERIORES, ORDINARIA DE 25 DE ABRIL E EXTRAORDINARIA DE 13 DE MAIO DE 2024.

Polo Sr. Alcalde pregúntase se hai algunha proposta de rectificación das actas.

Non habendo ningunha proposta de rectificación quedan aprobadas por unanimidade dos/as Concelleiros/as presentes no Pleno (20 de 21), as actas das sesións anteriores, ordinaria de 26 de abril e extraordinaria de 13 de maio de 2024.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20243005&punto=1>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

2.- TOMA DE COÑECEMENTO DOS DECRETOS DA ALCALDÍA EMITIDOS NO MES DE ABRIL DE 2024: Pola Secretaria dáse conta ao Pleno da Corporación dos Decretos emitidos pola Alcaldía:

RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA:

- 1 Inscripción de Asociación en Rexistro Municipal
- 2 Aprobación Plan de Seguridade e Saúde de obra
- 2 Autorización colocación de publicidade en vehículo con licenza de taxi
- 1 Aprobación Liquidación Orzamento 2023
- 3 Expediente de transferencia de crédito
- 7 Expediente de modificación de crédito por xeración de crédito
- 2 Expediente de modificación de crédito por subvención
- 1 Certificado Xurídico Tesoureira Municipal
- 1 Baixa can no rexistro municipal de animais potencialmente perigosos
- 4 Renovación licenza animais potencialmente perigosos
- 1 Concesión de licenza animais potencialmente perigosos
- 1 Aboamento noites persoal distintos servizos
- 1 Incoación procedemento falta leve
- 3 Deducción de haberes por ausencia inxustificada do posto de traballo
- 2 Nomeamento Funcionario/a interino/a
- 5 Substitución posto de categoría superior
- 1 Autorización participar proceso selectivo de estabilización do Concello
- 2 Bases formación bolsas de emprego
- 1 Delegación firma Secretaria Xeral
- 2 Gasto taxa publicación BOP
- 1 Pagamento Plan de pensións
- 1 Vacacións conserxes 2024
- 1 Resolución recurso de alzada
- 2 Resolución personación en recurso contencioso administrativo
- 2 Resolución aprobación de pregos
- 8 Resolución primeiras alegacións ordinario
- 13 Estimación derivación subsidiaria
- 1 Estimación rehabilitación de créditos
- 1 Estimatoria ICIO
- 1 Estimatoria IAE
- 8 Estimatoria Fallidos
- 16 Estimatoria liquidacións e baixas
- 5 Estimatoria compensación de débedas
- 6 Estimatoria recibos
- 1 Arquivo expediente Tesourería
- 2 Resolución sancionadora
- 3 Estimatoria cambio de xestión de ben inmovible
- 4 Estimatoria IBI
- 3 Estimatoria Bonificación IBI
- 5 Estimatoria pagos duplicados

4 Estimatoria IIVTNU
16 Estimatoria beneficios fiscais no IVTM
18 Estimatoria taxas e prezos públicos
4 Resolución recurso de reposición ordinario
5 Comisións bancarias
13 Orde de pago facturas
5 Prestamo bancario
62 Comunicación previa obras menores
3 Deber de conservación
4 Reposición da legalidade urbanística
24 Licenza de obra menor
4 licenza de segregación
21 Licenza de obra maior
5 Comunicación apertura de establecementos
4 Autorización instalación terrazas
2 Licenza de primeira ocupación
1 Recepción obras de urbanización ETD-16

TOTAL: 322

O Concello Pleno queda sabedor.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20240530&punto=2>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

3.- APROBACIÓN DEFINITIVA, SE PROCEDE, DO REGULAMENTO DE RÉXIME INTERIOR DA ESCOLA INFANTIL MUNICIPAL. Dáse conta do ditame emitido pola Comisión Informativa de Servizos Sociais e Igualdade de data 27 de maio de 2024, do seguinte teor:

Dáse conta do informe da Coordinadora do Centro de Servizos Sociais Comunitario, do seguinte teor:

ANTECEDENTES

O Pleno do Concello de Vilagarcía de Arousa, en sesión ordinaria celebrada o 29 de febreiro de 2024 acordou aprobar con carácter inicial a Modificación do Regulamento de Réxime Interior da Escola Infantil Municipal do Concello de Vilagarcía de Arousa, de acordo co requirimento de 2 de novembro de 2023 remitido dende a Secretaria Xeral Técnica do Servizo de Inspección de Familia e Menores co obxecto de corrixir e adaptar determinados aspectos do regulamento para a súa posterior conformidade para o visado.

A aprobación inicial da citada modificación foi publicada no Boletín Oficial da Provincia nº 51 do 12 de marzo de 2024, abríndose o prazo de 30 días hábiles para a presentación das reclamacións que se estimasen oportunas

A súa vez, dende o Concello de Vilagarcía de Arousa, con data 4 de marzo de 2024 foi remitida a Secretaria Xeral Técnica do Servizo de Inspección de Familia e Menores a modificación do regulamento para a súa revisión, e así, transcorridos o prazo de reclamacións se puidese dar trámite da aprobación definitiva coa conformidade da Inspección.

A data 09/04/2024 dende a Secretaría Xeral Técnica dáse traslado dun novo requirimento respecto á citada modificación do regulamento:

- Na documentación solicitada para a reserva de praza

Recoméndase eliminar Certificado médico do neno/a

As instrucións do SERGAS non lle permiten aos especialistas na maioría dos casos realizar certificacións/informes.

Ademais, lembre que debe respectar o principio de igualdade e non a discriminación.

- En canto a Normas de Saúde, engadir o parágrafo:

Con carácter xeral atenderase o disposto nas Guías de Saúde Pública da Consellería de Sanidade da Xunta de Galicia así como aos boletíns epidemiolóxicos nos que se fan actualización das recomendacións para a exclusión de escolas.

Recordámoslle que concretamente na enfermidade de boca-mán-pe ou na conxuntivite non purulenta non establece período de exclusión.

- Engadir no Punto relativo á integración do alumnado con NEAE..- Necesidades Específicas de Aplioo Educativo cos seguintes parágrafos:

Nestes casos requirirase o informe previo dos equipos de Valoración e orientación sobre o grao de discapacidade e a súa necesidade de integración.

A efectos da orde de gratuidade, considerase que as nenas e nenos con NEAE ocupan dúas prazas. Neste caso, a axuda que resulte multiplicarase por dous.

- En canto a Cap. de Cobramento

No art. 30 Réxime de reserva de praza para o caso de ausencias/vacacións, engadir os seguintes parágrafos:

Se ben foi requirido anteriormente, eliminar o parágrafo: A non asistencia do neno ou nena non exime dos pagos mensuais das cotas correspondentes, xa que estes pagos garanten a reserva de praza durante todo o curso.

Lémbrese que non se pode cobrar por servizos non prestados (p.ex. Comedor)

Neste sentido, recordámoslle a normativa vixente relativa á protección xeral das persoas consumidoras e usuarias que recolle os dereitos básicos dos consumidores.

ACTUACIÓNS

Dende o Centro de Servizos Sociais procedeuse á modificación do Regulamento de Réxime Interior da Escola Infantil Municipal de acordo coas instrucións marcadas dende o Servizo de Inspección, polo que os puntos aos que se refire neste 2º requirimento non foron recollidos xa que non foran expostos.

En todo caso, tras este 2º requirimento e co gallo de dar cumprimento ás instrucións marcadas considérase necesario, tras a aprobación inicial na Sesión Plenaria da Corporación Local, e tras o peche do prazo de alegacións realizar as seguintes modificacións:

- No Artigo 10. Punto 5 letra b, eliminar certificado médico do neno/a.

- No Artigo 19. Punto 1 engadir “así como aos boletíns epidemiolóxicos nos que se fan actualización das recomendacións para a exclusión de escolas”.

- No artigo 19. Punto 6 engadir “nestes casos requirirase o informe previo dos equipos de Valoración e Orientación sobre o grao de discapacidade e a súa necesidade de integración.

A efectos da orde de gratuidade, considerase que as nenas e nenos con NEAE ocupan dúas prazas. Neste caso, a axuda que resulte multiplicarase por dous.”

- No artigo 28. eliminar o parágrafo: “A non asistencia do neno ou nena non exime dos pagos mensuais das cotas correspondentes, xa que estes pagos garanten a reserva de praza durante todo o curso”.

Por outra banda, segundo consta no expediente SS/2024/000272 a data 26/02/2024 achégase por parte da entidade prestadora os datos da representante legas: Paula Saavedra Fernández e da profesional que exerce a dirección do Centro: Pilar Fernández Madriñan. Polo que no Artigo 2- onde di:” Directora: M^a Victoria Castañeiras Barreiro”; debera dicir: Directora: Pilar Fernández Madriñan; e no artigo 3- onde di: “Representante legal: Pilar Martínez Alcalde” debera dicir: “Representante legal: Paula Fernández Saavedra”

CONCLUSIÓNS

Atendendo ao sinalado para a optimización e calidade da prestación do servizo e da atención educativa e de conciliación da vida familiar, laboral e persoal, así como as directrices do Servizo de Inspección achégase en documento anexo o texto definitivo do Regulamento da Escola Infantil Municipal.

O que se informa aos efectos oportunos.

Coordinación do Centro de Servizos Sociais Comunitario.

Non habendo intervencións, sométese este asunto a votación co seguinte resultado:

VOTACIÓN:

As persoas representantes dos grupos políticos municipais do PSG-PSOE e BNG informan favorablemente.

As persoas representantes do grupo político municipal do PP din que se manifestarán no Pleno e polo tanto abstense.

En consecuencia e por maioría infórmase favorablemente a aprobación definitiva do Regulamento de Réxime Interior da Escola Infantil Municipal coas modificacións indicadas pola Secretaria Xeral Técnica do Servizo de Inspección de Familia e Menores.

Na sesión plenaria sométese a votación o asunto polo Sr. Alcalde , sendo o seu resultado o seguinte:

VOTACIÓN.- Por unanimidade de todos/as Concelleiros/as presentes no Pleno (20 de 21)

ACÓRDASE Aprobar definitivamente o Regulamento de Réxime Interior da Escola Infantil Municipal coas modificacións indicadas pola Secretaria Xeral Técnica do Servizo de Inspección de Familia e Menores e proceder á publicación do texto definitivo no Boletín Oficial da provincia.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20243005&punto=3>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.ga

4.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN MEDIANTE PROCEDIMENTO ABERTO SUXEITO A REGULACIÓN ARMONIZADA, TRAMITACIÓN ORDINARIA, E LICITACIÓN ELECTRÓNICA, PARA ADXUDICAR O CONTRATO DE SERVIZOS DENOMINADO “SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR (SAF) DO CONCELLO DE VILAGARCÍA DE AROUSA.

Retírase o presente asunto da Orde do Día do Pleno.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20240530&punto=4>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

5.- TOMA DE COÑECEMENTO DA SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN CIDADÁ PRESENTADA POR PARTE DE ASOCIACIÓNS OU ENTIDADES EN RELACIÓN CON UN PUNTO DA ORDE DO DÍA QUE LLE AFECTE DIRECTAMENTE E POSTERIOR INTERVENCIÓN A TRAVÉS DUN ÚNICO REPRESENTANTE DAS MESMAS.:

Dáse conta do disposto no ARTIGO 23.- do Regulamento Orgánico do Pleno:

Cando algunha das asociacións ou entidades, ás que se refire o artigo 72 da Lei 7/1985, de 2 de abril, desexen facer unha exposición ante o pleno, en relación con algún punto da orde do día que lle afecte directamente, deberá solicitalo á alcaldía mediante escrito presentado no rexistro do concello, un día antes da celebración da sesión plenaria. Coa autorización da alcaldía, e a través dun único representante, poderá intervir durante o tempo que a alcaldía lle conceda, con anterioridade á lectura, debate e votación da proposta incluída na orde do día.

Aqueles asuntos onde estean previstas as intervencións de asociacións ou entidades poderán ser tratados con carácter preferente aos restantes asuntos incluídos na orde do día da correspondente sesión plenaria.

Está presentada a seguinte solicitude de participación cidadá:

- D. Anan Abdalah en relación coa moción presentada polo grupo político municipal do PSG-PSOE relativa á solidariedade co Pobo Palestino.

A seguir polo Sr. Alcalde alterase a orde do día do pleno, pasando a tratar a continuación , o asunto que figura co nº10 (Moción presentada polo grupo político municipal do PSG-PSOE relativa á solidariedade co Pobo Palestino.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20240530&punto=5>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

10.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA MOCIÓN PRESENTADA POLO GRUPO POLÍTICO MUNICIPAL DO PSG-PSOE RELATIVA Á SOLIDARIEDADE CO POBO PALESTINO.- Dáse conta do ditame emitido pola Comisión Informativa de Servizos Sociais e Igualdade, de data 27 de maio de 2024, do seguinte teor:

Dáse conta da moción presentada polo grupo político municipal do PSG-PSOE, coa data de 21 de maio de 2024, do seguinte teor:

MOCIÓN SOLIDARIEDADE CO POBO PALESTINO

Tania García Sanmartín, na súa condición de voceira do Grupo Municipal Socialista no Concello de Vilagarcía de Arousa comparece e como mellor en dereito proceda DI:

Ao abeiro do disposto nos artigos 97 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, Lei de Administración Local de Galicia, 91,4 e 97 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, e 46.2 da Lei 11/1999, do 21 de abril, Lei de modificación da Lei Reguladora de Bases do Réxime Local e outras medidas, presenta á consideración do Pleno da Corporación Municipal a seguinte moción:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Desde a creación do Estado de Israel en 1948, milleiros de persoas morreron no conflito polo control do territorio da Palestina histórica e en especial polo réxime de ocupación e colonización ilegal establecida por Israel. Esta política deu lugar a innumerables enfrontamentos que se cobraron a vida de miles de persoas, na súa inmensa maioría de orixe palestina.

O domingo 7 de outubro do 2023, Hamás lanzou un ataque contra israelíes como resposta ao bloqueo que dura 18 anos, as actuacións dos colonos en Cisjordania e as condicións infrahumanas de presos palestinos nas cárceres israelís. Este ataque, que vén precedido por unha escalada constante de tensión e vítimas no conxunto de Palestina, derivou nunha resposta militar por parte do Estado de Israel, con bombardeos indiscriminados en Gaza cun número crecente día a día de vítimas no que é claramente un castigo colectivo á poboación gazatí, algo que prohíbe o dereito internacional (Convenio de Xenebra, primeiro Acordo e Segundo de Roma, carta de fundación da ONU). Desde que comezase a última agresión de Israel contra Palestina o pasado mes de outubro, estamos a ser testemuñas dun xenocidio en directo. Esta situación, que constitúe un auténtico intento de limpeza étnica da poboación palestina do seu propio territorio, chega tras décadas de ocupación, violencia e desprazamento forzado das palestinas e palestinos que non pode ignorarse.

A Franxa de Gaza é unha das dúas zonas nas quedou dividido o territorio palestino despois das numerosas invasións e usurpacións territoriais por parte de Israel. Gaza converteuse, desde hai moito tempo, nun enorme cárcere ao aire libre na que viven amoreados 2,4 millóns de palestinos e palestinas, dos que hoxe 1,9 millóns son desprazados internos que viven en todo tipo de asentamentos informais ou en infraestruturas civís, como escolas e hospitais, que están a ser atacados polo exército israelí. A situación é de verdadeira emerxencia humanitaria ante o bloqueo á entrada de todo tipo de produtos básicos que impuxo Israel, que provocou que a metade da poboación estea en situación de fame extrema. A destrución de todos os hospitais da Franxa e as limitacións no acceso a combustible e, por tanto, a electricidade, tamén fixeron colapsar o sistema sanitario gazatí (destrución de infraestruturas sanitarias, educativas, servizos, vivendas...).

A brutal resposta do Estado Israelí sobre a poboación palestina está xerando miles de mortos civís. A Oficina de Dereitos de Nacións Unidas considera ademais que o asedio de Israel a Gaza e a orde de evacuación «non poden considerarse como evacuación temporal legal» e por tanto equivalerían a un traslado forzoso de civís en violación do dereito internacional.

Tal e como afirma a UNRWA (Axencia de Nacións Unidas para a poboación refuxiada de Palestina), o nivel de destrución que se está vivindo en Gaza non ten precedentes. Trátase dunha traxedia humanitaria de extraordinaria magnitude. Nacións Unidas descríbese como unha “catástrofe humanitaria de proporcións épicas”.

Para que haxa paz na rexión é imprescindible unha solución xusta, aliñada co dereito internacional e os dereitos humanos. A comunidade internacional ten que garantir o cumprimento por parte de Israel das distintas resolucións sobre territorios ocupados que leva incumprindo sistematicamente, garantir o dereito de Palestina a ser un Estado soberano e independente e pór en marcha de inmediato un proceso de paz que garanta o final do conflito armado.

Por todo iso propón ao Pleno os seguintes acordos:

1. O Pleno do Concello de Vilagarcía de Arousa condena firmemente os ataques militares xerados pola ofensiva de Hamás contra Israel e a declaración de guerra do Estado de Israel contra a Faixa de Gaza, que está a causar miles de mortes e feridos, especialmente entre a poboación civil, e unha catástrofe humanitaria sen precedentes que aumenta cada hora que pasa.

2. O Pleno do Concello de Vilagarcía de Arousa insta ao Estado de Israel a que poña fin de xeito inmediato ao asedio e bombardeos sobre territorios palestinos e á retirada de tropas israelís dos territorios palestinos que actualmente ocupan.

3. O Pleno do Concello de Vilagarcía de Arousa condena os actos bélicos de ambas partes e outros grupos armados a acabar cos seus ataques deliberados contra civís, co lanzamento indiscriminado de explosivos, cos homicidios deliberados e coa toma de reféns. Neste senso, o Pleno esixe o intercambio de reféns que están en mans de Hamas e dos cidadáns palestinos en cárceres israelís.

4. O Pleno do Concello de Vilagarcía de Arousa esixe ao Estado de Israel a supresión do corte de subministro de alimentos e produtos básicos imposta á poboación civil palestina, por vulnerar o dereito internacional, e a que permita que a axuda humanitaria chegue á poboación vítima desta barbarie en condicións adecuadas.

5. O Pleno do Concello de Vilagarcía de Arousa amosa a súa solidariedade e apoio á poboación palestina, tanto residentes en Palestina como no exilio, que sofren as consecuencias desta guerra de ocupación exercida por Israel desde hai 75 anos.

6. O Pleno do Concello de Vilagarcía de Arousa considera que unha paz xusta e duradeira esixe acabar coa ocupación dos territorios palestinos por parte de Israel e recoñece o dereito á autodeterminación do pobo palestino, observando o dereito Internacional e as resolucións da ONU.

7. O Pleno do Concello de Vilagarcía de Arousa apoia, anima e insta ao Goberno de España na súa pretensión por recoñecer ao Estado de Palestina, unir esforzos para deter esta espiral de violencia, evitar a súa expansión e lograr canto antes unha paz duradeira e efectiva e unha solución definitiva a este conflito baseada nas resolucións da ONU sen permitir que ninguén esté por encima da lei e apoiando a creación dunha Comisión de Investigación da ONU para averiguar a verdade sobre o 7 de outubro

Vilagarcía de Arousa, 21 de maio de 2024

Tania García Sanmartín

Voceira do Grupo municipal do PSdeG-PSOE

Non habendo intervencións, sométese este asunto a votación co seguinte resultado:

VOTACIÓN:

As persoas representantes do grupo político municipal do PSG-PSOE informan favorablemente.

As persoas representantes dos grupos políticos municipais do PP e BNG din que se manifestarán no Pleno e polo tanto abstense.

En consecuencia e por maioría infórmase favorablemente a aprobación da moción presentada polo grupo político municipal do PSG-PSOE relativa á solidariedade co Pobo Palestino.

-- Polo Sr. Alcalde se comunica a necesidade de facer un receso de uns minutos, que vai dende as 17:08 h. ás 17:26 h. por un fallo de audio no sistema informático, posteriormente se reinicia a sesión ás 17:27 h.

- Intervén D. Anan Abdalah, para expoñer a situación da poboación de Palestina.

Na sesión plenaria sométese a votación o asunto polo Sr. Alcalde , sendo o seu resultado o seguinte:

VOTACIÓN.- Con doce votos a favor dos/as Concelleiros/as pertencentes ós grupos políticos municipais do PSG-PSOE (9), BNG (2) e EU (1) e oito abstencións dos/as Concelleiros/as pertencentes ao grupo político municipal do PP (8).

ACÓRDASE Por maioría aprobar a moción presentada polo grupo político municipal do PSG-PSOE e:

1. O Pleno do Concello de Vilagarcía de Arousa condena firmemente os ataques militares xerados pola ofensiva de Hamás contra Israel e a declaración de guerra do Estado de Israel contra a Faixa de Gaza, que está a causar miles de mortes e feridos, especialmente entre a poboación civil, e unha catástrofe humanitaria sen precedentes que aumenta cada hora que pasa.
2. O Pleno do Concello de Vilagarcía de Arousa insta ao Estado de Israel a que poña fin de xeito inmediato ao asedio e bombardeos sobre territorios palestinos e á retirada de tropas israelís dos territorios palestinos que actualmente ocupan.
3. O Pleno do Concello de Vilagarcía de Arousa condena os actos bélicos de ambas partes e outros grupos armados a acabar cos seus ataques deliberados contra civís, co lanzamento indiscriminado de explosivos, cos homicidios deliberados e coa toma de reféns. Neste senso, o Pleno esixe o intercambio de reféns que están en mans de Hamas e dos cidadáns palestinos en cárceres israelís.
4. O Pleno do Concello de Vilagarcía de Arousa esixe ao Estado de Israel a supresión do corte de subministro de alimentos e produtos básicos imposta á poboación civil palestina, por vulnerar o dereito internacional, e a que permita que a axuda humanitaria chegue á poboación vítima desta barbarie en condicións adecuadas.
5. O Pleno do Concello de Vilagarcía de Arousa amosa a súa solidariedade e apoio á poboación palestina, tanto residentes en Palestina como no exilio, que sofren as consecuencias desta guerra de ocupación exercida por Israel desde hai 75 anos.
6. O Pleno do Concello de Vilagarcía de Arousa considera que unha paz xusta e duradeira esixe acabar coa ocupación dos territorios palestinos por parte de Israel e recoñece o dereito á autodeterminación do pobo palestino, observando o dereito Internacional e as resolucións da ONU.
7. O Pleno do Concello de Vilagarcía de Arousa apoia, anima e insta ao Goberno de España na súa pretensión por recoñecer ao Estado de Palestina, unir esforzos para deter esta espiral de violencia, evitar a súa expansión e lograr canto antes unha paz duradeira e efectiva e unha solución definitiva a este conflito baseada nas resolucións da ONU sen permitir que ninguén esté por encima da lei e apoiando a creación dunha Comisión de Investigación da ONU para averiguar a verdade sobre o 7 de outubro

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20243005&punto=10>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.ga

6.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA MOCIÓN PRESENTADA POLO GRUPO POLÍTICO MUNICIPAL DO BNG, PARA A EXTENSIÓN DO USO DO GALEGO NOS PLENOS MUNICIPAIS:

Dáse conta do ditame emitido pola Comisión Informativa de Economía, Facenda e Especial de Contas, de data 27 de maio de 2024, do seguinte teor:

Dáse conta da moción presentada polo grupo político municipal do BNG, coa data de 15 de maio de 2024, do seguinte teor:

MOCIÓN PARA A EXTENSIÓN DO USO DO GALEGO NOS PLENOS MUNICIPAIS

Francisco Xabier Rodríguez Paz, portavoz do grupo municipal do BNG no concello de Vilagarcía, ao abeiro da lexislación vixente, presenta para o seu debate e aprobación en Pleno, se procede, a seguinte

MOCIÓN:

Exposición de motivos:

- Esta Corporación Municipal ten unha responsabilidade excepcional co galego, como patrimonio cultural da Vilagarcía que representamos. Coherentemente con ela, e no exercicio público das nosas funcións, debemos manter e anovar os compromisos adquiridos para darlle maior pulo ao proceso da súa normalización social.

- Con independencia da competencia lingüística ou a escolla libre e persoal no terreo da esfera privada, debemos ser exemplo visible para impulsar na veciñanza o respecto pola lingua como sinal de identidade de excepcional valor nun mundo globalizado, e apoiar a súa transmisión ás novas xeracións, a súa aprendizaxe, a súa promoción e, en definitiva, o seu desenvolvemento social pleno.

- Se ben todos os grupos municipais temos feito un esforzo colectivo por regularizar a presentación en galego da diversa documentación que é obxecto de debate nestas sesións plenarias, parece necesario dar un pasiño máis na extensión do uso da lingua galega aos elementos de debate e intervencións, así como nas interpelacións que habitualmente, a xeito de rogos e preguntas, se fan ao grupo de Goberno.

Por todo o exposto, o Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego somete a debate e aprobación polo Pleno esta moción, propondo a adopción dos seguintes

ACORDOS:

1. Comprometémonos á progresiva utilización do galego como lingua vehicular das sesións plenarias.

Vilagarcía, a 15 de maio de 2024

Asdo.: F. Xabier Rodríguez Paz.

Non habendo intervencións, sométese este asunto a votación co seguinte resultado:

VOTACIÓN:

As persoas representantes dos grupos políticos municipais do PSG-PSOE e BNG informan favorablemente.

As persoas representantes do grupo político municipal do PP din que se manifestarán no Pleno e polo tanto abstense.

En consecuencia e por maioría infórmase favorablemente a aprobación da moción presentada polo grupo político municipal do BNG para a extensión do uso do galego nos Plenos Municipais.

Na sesión plenaria sométese a votación o asunto polo Sr. Alcalde , sendo o seu resultado o seguinte:

VOTACIÓN.- Con doce votos a favor dos/as Concelleiros/as pertencentes ós grupos políticos municipais do PSG-PSOE (9), BNG (2) e EU (1) e oito abstencións dos/as Concelleiros/as pertencentes ao grupo político municipal do PP (8).

ACÓRDASE Por maioría aprobar a moción presentada polo grupo político municipal do BNG e comprometerse á progresiva utilización do galego como lingua vehicular das sesións plenarias.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20243005&punto=6>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.ga

7.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA MOCIÓN PRESENTADA POLO GRUPO POLÍTICO MUNICIPAL DO BNG, DE REXEITAMENTO Á RENOVACIÓN DA CONCESIÓN DE NAVE SOBRE O RÍO DO CON, POR PARTE DA AUTORIDADE PORTUARIA DE VILAGARCÍA: Dáse conta do ditame emitido pola Comisión Informativa de Economía, Facenda e Especial de Contas, de data 27 de maio de 2024, do seguinte teor:

Dáse conta da moción presentada polo grupo político municipal do BNG, coa data de 15 de maio de 2024, do seguinte teor:

MOCIÓN DE REXEITAMENTO Á RENOVACIÓN DE CONCESIÓN DE NAVE SOBRE O RIO DO CON POR PARTE DA AUTORIDADE PORTUARIA DE VILAGARCÍA

Francisco Xabier Rodríguez Paz, portavoz do grupo municipal do BNG no concello de Vilagarcía, ao abeiro da lexislación vixente, presenta para o seu debate e aprobación en Pleno, se procede, a seguinte

MOCIÓN:

Exposición de motivos:

- O Pleno Municipal do 25 de Abril do presente ano, en sesión ordinaria, aprobou por maioría unha moción presentada polo PSdeG-PSOE na que se instaba a Augas de Galicia e á Consellería de Medio Ambiente a retomar os traballos para executar as actuacións previstas no Proxecto de 2008 de prevención de inundacións no chamado "Tramo 0" que corresponde coa desembocadura do río do Con, sobre a que se asenta unha nave.

- Na súa exposición de motivos, o grupo de Goberno sustentaba a súa proposta nunha pública e recente predisposición da Autoridade Portuaria para executar a apertura do río, así como coa finalización en Decembro de 2023 da concesión en precario, por dez anos, da nave cuxo derribo, no Cavadelo, se tornaría necesario para poder levar a cabo dito obxectivo.

- Con todo, e polo menos desde o mes de Febreiro, xa eran públicas, nos medios de comunicación, as peticións de informes da Autoridade Portuaria a Augas de Galicia relativas a un novo estudo hidrolóxico, por se estes eran favorables a unha hipotética renovación de dita concesión.

- Con posterioridade á celebración deste Pleno, soubemos a través dos medios de comunicación que a Real Federación Galega de Vela xa viña utilizando desde o mes de Marzo os preto de 1000 m² da nave coa autorización por un ano da Autoridade Portuaria, e que tiña a intención de solicitar a utilización do recinto en réxime de concesión por outros 15 anos, aboando a cantidade de entre 15.000-20.000 € anuais que, de materializarse, entraría en contradición coa predisposición amosada de liberar o cauce do río e hipotecaría futuras actuacións a medio prazo, pois tamén implicaría realizar novas obras de unificar as instalacións existentes.

Por todo o exposto, o Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego somete a debate e aprobación polo Pleno esta moción, propondo a adopción o seguinte

ACORDO:

1. Manifestar o rexeitamento deste Pleno á renovación, por parte da Autoridade Portuaria de Vilagarcía, da concesión da nave situada enriba da desembocadura do río do Con, instando ao seu Consello de Administración a que antepoña o interés xeral da cidade, e a seguridade dos seus habitantes, propiedades e negocios, por diante da operación económica anunciada nos medios de comunicación.

Vilagarcía, a 15 de maio de 2024

Asdo.: F. Xabier Rodríguez Paz.

Non habendo intervencións, sométese este asunto a votación co seguinte resultado:

VOTACIÓN:

As persoas representantes dos grupos políticos municipais do PSG-PSOE e BNG informan favorablemente.

As persoas representantes do grupo político municipal do PP din que se manifestarán no Pleno e polo tanto abstense.

En consecuencia e por maioría infórmase favorablemente a aprobación da moción presentada polo grupo político municipal do BNG de rexeitamento á renovación da concesión de nave sobre o Río do Con, por parte da Autoridade Portuaria de Vilagarcía.

Na sesión plenaria sométese a votación o asunto polo Sr. Alcalde , sendo o seu resultado o seguinte:

VOTACIÓN.- Con doce votos a favor dos/as Concelleiros/as pertencentes ós grupos políticos municipais do PSG-PSOE (9), BNG (2) e EU (1) e oito abstencións dos/as Concelleiros/as pertencentes ao grupo político municipal do PP (8).

ACÓRDASE Por maioría aprobar a moción presentada polo grupo político municipal do BNG e

manifestar o rexeitamento deste Pleno á renovación, por parte da Autoridade Portuaria de Vilagarcía, da concesión da nave situada enriba da desembocadura do río do Con, instando ao seu Consello de Administración a que antepoña o interés xeral da cidade, e a seguridade dos seus habitantes, propiedades e negocios, por diante da operación económica anunciada nos medios de comunicación.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20243005&punto=7>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.ga

8.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA MOCIÓN PRESENTADA POLO GRUPO POLÍTICO MUNICIPAL DE EU, SOBRE A XESTIÓN DIRECTA DO SAF (SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR).- Dáse conta do ditame emitido pola Comisión Informativa de Servizos Sociais e Igualdade, de data 27 de maio de 2024, do seguinte teor:

Dáse conta da moción presentada polo grupo político municipal de EU presentada coa data de 15 de maio de 2024, do seguinte teor:

MOCIÓN

O Voceiro do Grupo Municipal de Esquerda Unida, EU, ao amparo do regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais, formula, para a súa discusión, e no seu caso, aprobación por parte do pleno a Seguinte Moción Xestión directa do SAF (servizo de axuda no fogar)

Exposición de Motivos.

O concello de Vilagarcía presta un servizo fundamental para a cidadanía como é o SAF de forma indirecta, mediante a concesión do mesmo a unha empresa privada. Este servizo leva anos no foco de atención, polas pésimas condicións laborais das súas traballadoras, con independencia da empresa que preste o servizo, .

Así, son continuos os incumprimentos en materia laboral, ata o punto, de que a última empresa concesionaria acumula sancións por parte da inspección de traballo, sen que os responsábeis municipais fagan nada por resolver esta situación.

A imposición de xornadas irregulares, a posta en marcha dunha bolsa de horas de forma unilateral, ou os incumprimentos en materia salarial, son por desgracia, o día a día que estas traballadoras teñen que soportar, deficiencias que evidentemente, a pesar do bo facer destas profesionais, inciden de forma negativa no servizo que se presta aos usuarios.

Ademais a empresa, polo seu concepto afán de negocio, non está a poñer os medios necesarios para que o servizo se preste en perfectas condicións, dende a inexistencia das axudas técnicas comprometidas, ou a imposibilidade práctica de utilizalas, ate a negativa a duplicar as traballadoras naqueles servizos que así o precisen,

Todas estas cuestións fan que esta situación se convirta en insostible para o colectivo laboral e para as persoas usuarias.

Neste sentido, existe tamén deixadez por parte dos responsábeis municipais, que sendo coñecedores, prefiren mirar cara outro lado en lugar de esixir a empresa concesionaria o cumprimento dos pregos e da normativa laboral.

O contrato de externalización do Servizo, está hoxe caducado e prorrogado, a espera dun novo prego que debe ser aprobado polo pleno da corporación, pero atendendo a realidade do mesmo, e a demostración práctica de que os servizos privatizados se poden recuperar, así nos últimos meses o concello ven de asumira a xestión directa do Parking Xoan XXIII demostrando, non só que é posible rescatar e xestionar directamente un servizo, se non, que en palabras do goberno local, a xestión directa suporá un beneficio económico para o concello ao tempo que unha mellora na calidade do mesmo, entendemos dende o noso grupo Municipal que é unha evidencia que o SAF se podería prestar en mellores condicións de forma directa.

Tendo en conta que se trata dun servizo con mais de medio centenar de traballadoras e varios centos de usuarios, compre actuar para mellorar as condicións nas que se presta, priorizando a calidade na atención sobre calquera beneficio que se poida conseguir.

Polo que por todo o anteriormente exposto, o grupo municipal de EU , propón a adopción dos seguinte Acordo:

O Concello de Vilagarcía comprométese a iniciar os trámites necesarios para realizar a xestión directa do SAF (servizo de axuda no fogar). Previo acordo e consulta ás traballadoras do mesmo.

Non habendo intervencións, sométese este asunto a votación co seguinte resultado:

VOTACIÓN:

As persoas representantes do grupo político municipal do BNG informan favorablemente.

As persoas representantes dos grupos políticos municipais do PSG-PSOE e PP din que se manifestarán no Pleno e polo tanto abstense.

En consecuencia e por maioría infórmase favorablemente a aprobación da moción presentada polo grupo político municipal de EU sobre a xestión directa do SAF (Servizo de Axuda no Fogar).

Na sesión plenaria sométese a votación o asunto polo Sr. Alcalde , sendo o seu resultado o seguinte:

VOTACIÓN.- Con tres votos a favor dos/as Concelleiros/as pertencentes ós grupos políticos municipais do BNG (2) e EU (1) e dezasete votos en contra dos/as Concelleiros/as pertencentes aos grupos políticos municipais do PSG-PSOE (9) e PP (8).

ACÓRDASE Por maioría rexeitar a moción presentada polo grupo Político Municipal de EU sobre a xestión directa do SAF (Servizo de Axuda no Fogar).

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20243005&punto=8>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.ga

9.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA MOCIÓN PRESENTADA POLO GRUPO POLÍTICO MUNICIPAL DO PP PARA A REPARACIÓN INTEGRAL DAS INSTALACIÓNS DE ATLETISMO DE FONTECARMOA.- Dáse conta do ditame emitido pola Comisión Informativa de Economía, Facenda e Especial de Contas, de data 27 de maio de 2024, do seguinte teor:

Dáse conta da moción presentada polo grupo político municipal do PP coa data de 20 de maio de 2024, do seguinte teor:

MOCIÓN

Os concelleiros integrantes do Grupo Municipal Popular, ao amparo do establecido no artigo 97 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, formulan, para a súa discusión e, no seu caso, aprobación no Pleno Ordinario do 30 de maio de 2024 a seguinte MOCIÓN:

“Reparación integral das instalacións de atletismo de Fontecarmoa”

EXPOÑEN

As instalacións de atletismo de Vilagarcía atópanse na actualidade en mal estado. A Agrupación Atlética Mazí, que é quen utiliza as instalacións, leva meses reclamando melloras para que os seus deportistas poidan practicar as diferentes disciplinas deportivas que se practican nas instalacións con total garantías.

O principal problema co que se atopa a agrupación atlética é co mal estado das pistas de atletismo. A pista non está homologada e parte da superficie está sucia e chea de musgo, o que impide que a agrupación poida celebrar ou acoller competicións de carácter oficial.

Nunha situación similar atópase a zona destinada ao lanzamento de xavelina. O mal estado da pista de lanzamento, incluso con buracos, impide que os atletas poidan adestrar e competir con normalidade, resultando incluso perigoso para os deportistas.

No caso do lanzamento de martelo, o problema ven pola superficie da zona de lanzamento. A zona foi cuberta con formigón, un material que non cumpre coas normas esixidas por este deporte para acoller competicións oficiais.

Nas instalacións intentáronse arranxar o almacén e o vestiario dos árbitros pero, a pesar de realizar unha intervención, o estado de ambas zonas é lamentable. Os falso teitos caeron, as paredes están cheas de humidades, hai goteiras e, no caso do vestiario dos árbitros, o olor é insoportable.

Estas serían as deficiencias principais, pero a lista de problemas das instalacións de atletismo é aínda máis grande: a corda que rodea a pista de atletismo está mal homologada e rota, ao igual que o obstáculo do foso, as táboas do salto de lonxitude, as colchonetas do salto de pértega e as carpas que as deberían cubrir, e poderían continuarse.

Tralo exposto anteriormente, o Grupo Municipal do Partido Popular SOLICITA

Que se reparen todas as deficiencias do complexo deportivo de atletismo de Fontecarmoa:

- Que se estude, xunto coa agrupación atlética Mazí, todas as deficiencias e melloras que se poidan realizar nas instalacións de atletismo.
- Que se limpe, coa maior brevidade posible, a pista de atletismo e a zona de lanzamento de xavelina.
- Que se corrixa as deficiencias da pista de atletismo, como o estado da corda, para permitir que estea homologada para acoller competicións oficiais.
- Que se modifique o chan da zona de lanzamento de martelo para que cumpra coas normativas deste deporte
- Que se cambien as colchonetas de salto de pértega e as carpas que as cobren.
- Que se reparen as deficiencias dos vestiarios dos árbitros e do almacén.
- Que se faga un mantemento continuo das instalacións de atletismo de Fontecarmoa

Ana Granja – Concelleira do Grupo Municipal do Partido Popular

Non habendo intervencións, sométese este asunto a votación co seguinte resultado:

VOTACIÓN:

As persoas representantes do grupo político municipal do PP informan favorablemente.

As persoas representantes dos grupos políticos municipais do PSG-PSOE e BNG din que se manifestarán no Pleno e polo tanto abstense.

En consecuencia e por maioría infórmase favorablemente a aprobación da moción presentada polo grupo político municipal do PP para a reparación integral das instalacións de atletismo de Fontecarmoa.

Na sesión plenaria sométese a votación o asunto polo Sr. Alcalde , sendo o seu resultado o seguinte:

VOTACIÓN.- Por unanimidade de tódolos/as Concelleiros/as presentes no Pleno (20 de 21)

ACÓRDASE Aprobar a moción presentada polo grupo político municipal do PP e que se reparen todas as deficiencias do complexo deportivo de atletismo de Fontecarmoa:

- Que se estude, xunto coa agrupación atlética Mazí, todas as deficiencias e melloras que se poidan realizar nas instalacións de atletismo.
- Que se limpe, coa maior brevidade posible, a pista de atletismo e a zona de lanzamento de xavelina.
- Que se corrixa as deficiencias da pista de atletismo, como o estado da corda, para permitir que estea homologada para acoller competicións oficiais.
- Que se modifique o chan da zona de lanzamento de martelo para que cumpra coas normativas deste deporte
- Que se cambien as colchonetas de salto de pértega e as carpas que as cobren.
- Que se reparen as deficiencias dos vestiarios dos árbitros e do almacén.
- Que se faga un mantemento continuo das instalacións de atletismo de Fontecarmoa

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20243005&punto=10>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.ga

11.- INTERPELACIÓNS OU CONTROL DAS DECISIÓNS DO GRUPO DE GOBERNO.

Non se presentaron

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20240530&punto=11>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

12- MOCIÓNS PRESENTADAS POLOS GRUPOS POLÍTICOS MUNICIPAIS POR RAZÓNS DE URXENCIA.

En cumprimento do preceptuado no artigo 91.4º do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime xurídico das Corporacións Locais, concluído o exame dos asuntos incluídos na Orde do Día, e antes de pasar á rolda de rogos e preguntas, o Sr. Alcalde preguntou se algún grupo político desexaba someter á consideración do Pleno por razóns de urxencia algún asunto non comprendido na orde do día que acompañaba a convocatoria e que non teña cabida no citado punto de rogos e preguntas, non propoñéndose ningunha moción polos Grupos Políticos Municipais.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20240530&punto=12>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

13.- RESPOSTA DOS/AS CONCELEIROS/AS DELEGADOS/AS ÁS PREGUNTAS FORMULADAS NO PLENO ANTERIOR.

Por parte dos/as Sres./as Concelleiros/as respóndense ás preguntas formuladas no Pleno anterior.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20240530&punto=13>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

14.- ROGOS E PREGUNTAS FORMULADAS POLOS MEMBROS DA CORPORACIÓN MUNICIPAL.

Por parte dos/as Sres./as Concelleiros/as fórmulanse rogos e preguntas que serán contestadas no próximo Pleno.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20240530&punto=14>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

15.- QUENDA DE ROGOS E PREGUNTAS ENTRE AS PERSOAS QUE ASISTEN COMO PÚBLICO Á SESIÓN.

Por parte do público asistente fórmulanse rogos e preguntas.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20240530&punto=15>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

E sen máis asuntos que tratar, ás 20:05, levantouse a sesión da que se estende a presente acta e eu, Secretaria, dou fe.